



MODELO SILVOPASCÍCOLA	SS1
Sistema silvopastoril.	
OBXECTIVO:	Produción multifuncional de pastos e madeira. Aplicación preferente de pastoreo rotacional con tempos de ocupación e repouso elevados, posible aplicación en extensivo.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais, agás no caso de que se opte por <i>Eucalyptus spp.</i> sendo de aplicación preferente aos distritos establecidos nos correspondentes modelos de cada especie.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	Marcos amplos para asegurar produción de pasto, 5 m x 4 m, 5 m x 5 m, 6 m x 5 m, que son 500, 400 e 333 plantas/ha respectivamente. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Especies forestais	Tódalas especies forestais, sendo recomendables aquelas de copa máis clara e que favorezan o crecemento do pasto natural no sotobosque. Aconsellable coas masas de cerquiño (<i>Q. pyrenaica, L.</i>) para o establecemento de sistemas amontados. Montes con aplicación deste modelo integraranse no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo.
Implantación pasteiro	Recoméndase tras a roza, unha cava ou desfonde, dobre pase de grada de discos ou fresado, encalado (2.000-3.000 quilogramos de caliza/ha), fertilización (NPK doses < 300 kg/ha), sementeira (mestura dactilo 30 kg/ha, raigrás 10 kg/ha e trevo 4 kg/ha) e opcionalmente finalizar con pase de rulo. Plantación (se fose necesaria): de forma xeral aburatado mecánico, preferible dous meses antes da plantación.
Tipo de gando	Caprino: controla silvas, brotes tenros de toxo, carqueixas, queirogas e xestas. Non come plantas de eucalipto pero si de conífera e o resto de frondosas. Equino: controla ben os toxos, xestas e gramíneas, regular para queirogas e silvas. Compatible con eucaliptos ocasionando leves danos por pisoteo e rozamento. Ovino: controla brotes tenros de toxos e queirogas pequenas. Non axeitado para control de matogueira leñosa. Vacún: controla brotes tenros de carqueixa, queirogas pequenas e gramíneas. Non axeitado para control de toxo, silva ou xesta. Come conífera e frondosas caducifolias e pode provocar danos mecánicos por pisoteo e rozamento. Porcino: aproveitamento de porco celta alimentado con castaña ou landra incluíriase neste modelo, xunto coas especificidades de mantemento e manexo da piara.
Mantementos	Para gando maior recomendable empregar estacas de 2,20 m de lonxitude e diámetro mínimo de 12 cm, de eucalipto ou piñeiro, cunha separación de 4 m. Para cabras e ovellas aconséllase cercas con malla de arame galvanizado, de 93 cm de altura, colocando 2





	ou 3 fíos de arames por enriba. Para gando maior (cabalos e vacas) é suficiente unha cerca con 4 ou 5 fíos de arame. Revisión e mantemento dos cerramentos.
--	---

TRATAMENTOS PARA O MANEXO DO GANDO	
Rotación	Tempo indicativo de ocupación de cada subparcela un mes, tempo de repouso de tres meses (dependerá de produtividade). Evitar ou non utilizar na rotación parcelas con repoboados novos (sempre tendo en conta a especie forestal e tipo de gando).
Carga xeral	Dun modo xeral, para controlar mato en repoboacións forestais adultas de Galicia, 1-2 unidades de gando menor (cabras) por ha e 1 unidade de gando maior (cabalo) por cada 2-4 ha.
Cargas instantáneas	Importante manexar cargas instantáneas ou puntuais elevadas para que o control da matogueira sexa máis efectivo en determinadas épocas do ano. Aconséllase 4-8 unidades de gando menor (cabras) por ha e 2-3 unidades de gando maior (cabalos) por cada 2-4 ha.

SILVICULTURA	
Consultar modelo silvícola correspondente á especie arbórea principal. Ter en conta o efecto da luz e polo tanto do comezo e ciclo de podas. De forma xeral non necesitan desmestas e rareas, agás cortas de policía (de ser o caso).	

